

# BANDO

## O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

### FAI SABER

Coa finalidade de corrixir o estado de abandono de fincas existentes no Concello de Salceda de Caselas e os perxuízos causados ás fincas, é de máximo interés para tódolos veciños de Salceda de Caselas que as fincas e solares do Concello se atopen en axeitado estado de limpeza e coa masa forestal desbrozada.

As zonas próximas a vivendas son de carácter prioritario por posibilidade de propagación de incendios ás vivendas. O estado actual das áreas forestais e rurais, presenta parcelas con abundante maleza, e a cobertura árborea presenta abundante ramosidade. Gran parte das ramas están caídas ou en risco de caerse, o cal provoca que as vías públicas se vexan cheas de ramaxe e follaxe, co conseguinte perigo para a circulación de vehículos e para os viandantes que conleva, xa que no caso de que se producira un accidente por mor da follaxe existente na vía pública o Concello reclamará a responsabilidade aos propietarios dos terreos e parcelas.

Dende o Concello lémbrales a tódolos propietarios de parcelas a obriga de dar cumprimento ao artigo 22.1 de la Ley 3/2007 , de prevención e defensa contra os incendios forestales de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establecen ao respecto, que os terreos e parcelas deben estar limpas de malezas e deberase de proceder ao rareo e poda das árbores de maneira tal que as polas das mesmas non sobrevoen a vía pública, os propietarios dos terreos teñen que xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros arredor de calquer núcleo de poboación, edificación, urbanización así como non poderán haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei (eucaliptos, pinos, acacias,...), modificación 28 de decembro (Vixente 1 Xaneiro 2018).

En vistas de non atender á obrigatoriedade da lei, o Concello verase obrigado a iniciar expediente de reposición medioambiental, coa finalidade de que se proceda a limpeza das parcelas e a poda das árbores a efectos de mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Débese advertir que no caso de que non se dirá cumprimento ó ordenado polo Concello, a Lei establece a posibilidade de impoñer multas **coercitivas de 300 a 6.000 euros reiterables ata lograr o cumprimento do ordenado**. Por iso, e en aras a evitar perxuízos tanto para os propietarios das parcelas como para o Concello de Salceda de Caselas, infórmase a todos os propietarios de terreos e parcelas que procedan a limpeza da maleza das súas propiedades, así como a evitar que as polas das árbores voen sobre a vía pública. Esta limpeza deberá efectuarse antes do 31 de maio de 2018, modificación 28 de decembro (Vixente 1 Xaneiro 2018).

Salceda de Caselas, a 27 de Abril de 2018

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE